

18. ABR 05 01389

SAIDA

A Resolución reitoral do 7 de decembro de 2004 establece a celebración da Proba de Conxunto correspondente ó Curso de Nivelación para a solicitude individual de recoñecemento de equivalencia de títulos de formación non universitaria ao de Diplomado en Educación Social nos meses de maio e setembro, para os alumnos que superaran o citado Curso de Nivelación. Asemade, a dita Resolución establece na alínea IV.5: *O Secretario Xeral dictará cantas instrucións sexan necesarias para a execución do disposto na presente resolución;* e é por isto que esta Secretaría Xeral dicta a seguinte

INSTRUCCIÓN:

PRIMEIRO: Os alumnos que superaran tódalas materias do Curso de Nivelación para a solicitude individual de recoñecemento de equivalencia de títulos de formación non universitario ao de Diplomado en Educación Social, deberán matricularse para a realización da **Proba de Conxunto** 10 días antes das datas fixadas para as probas pola Facultade de CC da Educación na Unidade de Xestión Académica do Campus Sur.


SEGUNDO: Consonte o establecido na Resolución reitoral do 7 de decembro de 2004, os alumnos que se matriculen deberán aboar os prezos públicos fixados no Decreto anual de prezos en concepto de "Obtención, por validación, de títulos de Diplomados das Escolas Universitarias: por avaliación académica e profesional"- tarifa segunda, 10.a) do Decreto 189/2004 que fixa os prezos públicos para o curso 2004/2005.

TERCEIRO: A memoria necesaria para a presentación á Proba de Conxunto deberá ser presentada polo alumno cunha antelación mínima de 5 días ás datas fixadas para as probas.

CUARTO: A Facultade de CC. da Educación fará públicas as datas dos exames, que se fixarán entre o primeiro do mes de maio e a data límite fixada polo calendario académico oficial para o curso 2004/2005 para os exames da primeira convocatoria ordinaria das materias do 2º cuatrimestre e anuais dos plans estruturados en créditos.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2005.

O SECRETARIO XERAL



Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO; SR. SECRETARIO XERAL; SR. DECANO DA FAC. CC. EDUCACIÓN; SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DE OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA ; SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR; SR. DIRECTOR DO COIE; SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS; SRA. XEFA DA ASESORÍA XURÍDICA.